

María Mariño Soberana.

Discurso pronunciado por Ana Romaní na presentación do libro de María Mariño, *Más allá del tiempo* o 12 de abril de 2007



Consello da Cultura Galega
Comisión de Igualdade

Pazo de Raxoi, 2 andar. 15704 Santiago de Compostela (Galicia)
Tfno: 981957202 / Fax : 981957205 / xenero@consellodacultura.org

MARIA MARIÑO. SOBERANA.

(Texto lido con motivo da presentación do libro “Mas Allá del tiempo” organizada polo Consello da Cultura Galega e a editorial Alvarellos o 12 de abril de 2007)

Este é o libro que definitivamente confirma á escritora. É a obra que as lectoras apaixonadas agardabamos, porque Mas allá del tiempo é a constatación da María Mariño escritora consciente, responsable, autónoma no proceso de creación da súa obra literaria. Esa é a gran descuberta deste volume, a de encontrarnos cunha autora con vontade literaria, que traballa os poemas, que narra, que ensaia formulas, que busca rexistros, que indaga na escrita. Lonxe da espontaneidade coa que se acostuma asociar a súa obra e mais próxima da escritora que quere e decide escribir, en galego co estímulo e apoio de Uxío Novoneyra ou en castelán de xeito autónomo. Porque na obra castelán a independencia da autora é manifesta. Aí radica o interese deste libro que vai mais aló do literario.

Cando na Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega decidimos crear o *Album de Mulleres* para dar visibilidade e botar luz nas esquinas en sombra da Historia Cultural de Galicia sabiamos que era urxente dar os primeiros pasos nesa outra paisaxe, cambiar o ángulo do foco, enfocar os rastros silenciosos e silenciados que tamén constrúen a historia. Sabiamos que era urxente dar os primeiros pasos porque logo virían as achegas en profundidade, os traballos de investigación, que aínda son moitos os camiños por andar, e realmente cantas mais vías de aproximación se abren mais se evidencia a necesidade de recuperar memorias, traballos, traxectorias que configuran o sustento do que hoxe somos, do que queremos ser. Ao fin as dinámicas dos

pobos e das sociedades constrúense en base tamén á súa memoria, e a memoria igual que o futuro tamén é feminina. O Consello da Cultura Galega coa creación dunha Comisión de Igualdade está a propiciar esa reflexión e esa necesidade, mais aló dos estudos especializados, mais acó das dinámicas culturais dun país e a cidadanía que o conformou e o conforma.

María Mariño era unha das urxencias na revisión e recuperación da memoria, neste caso literaria, unha das figuras mais ensombrecidas e fascinantes da literatura galega contemporánea. Cando hai un ano preparabamos na Comisión de Igualdade a biografía da escritora para o *Album de Mulleres* evidenciábase unha vez mais a necesidade de propiciar estudos e achegas á obra desta escritora por descubrir. Pouco sabíamos do proceso creativo e literario da autora dunha das obras mais singulares da lírica galega. Un ano despois e trala decisión da Real Academia Galega de dedicar as Letras deste 2007 a María Mariño a paisaxe é fascinante, en tanto que o que se abre é un eido polo que han vir cos anos estudos de investigación demorados e en detalle -fora das urxencias e improvisacións das Letras-, que han situar a obra de María Mariño. O libro que hoxe se presenta abre ese camiño porque pon a disposición de estudosos e investigadoras un dos textos literarios sobre o que existían mais enigmas.

E boa parte dese camiño ábreo coa súa edición e estudo Helena González. Con respecto, rigor e paixón. Adéntrase con rigor nas liñas dos poemas e relatos, con paixón sitúa noutro ángulo o foco para botar luz sobre o caso María Mariño e con respecto ábrenos un pórtico documentado sobre a xénese e significado desta obra. O estudo vai mais aló do libro xa que, de novo nesa necesidade que sempre se evidencia de explicar o “caso” María Mariño, ofrece outras posibles interpretacións situando as liñas de forza

do sistema literario galego dos anos 60 e as condicións socioliterarias que influíron na interpretación da figura escritora nese contexto e que en moitos casos mantéñense hoxe en día con esa vinculación da poeta á natureza, á espontaneidade e ao popular. En “Mas allá del Tiempo” é outra a María Mariño que descubrimos, e Helena Glez danos instrumentos, explica documenta, da puntos de referencia para unha lectura que ha ser a nosa, da descuberta persoal dun obradoiro literario, posto que en “Mas allá del Tiempo” entramos no taller creativo de María Mariño. Soberana.

Ana Romaní

(da Comisión de Igualdade do Consello da Cultura Galega)